

## DECRETO NÚMERO 15004960 DO 12/06/2015

Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García Tenenta de Alcalde delegada, en funcións, da Área de Economía, Emprendemento, Autonomos e Educación.

Instruído o expediente relativo a: **PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACION DE COMIDA NO ARDE LUCUS 2015 PRORROGABLE PARA OS ANOS 2016, 2017 E 2018. ADXUDICACIÓN DE POSTOS**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do día 9 de xuño de 2015, onde na súa parte expositiva se sinala o seguinte:

I. Acordo num. 18/190 de 25 de marzo de 2015 da Xunta de Goberno Local polo que se aproban as Bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación convocado para a autorización de instalación de restaurantes e postos de elaboración de comidas no ARDE LUCUS 2015 prorrogable para os anos 2016,2017 e 2018

II.- Acordo num. 16/206 de un de abril de 2015 da Xunta de Goberno Local polo que se modifica o anterior acordo numero 18/190 para deixar sen efecto a licitación da parcela numero 2 da Praza Anxo Fernández López

II.- Anuncio de licitación publicado no BOP num. 079 de 9 de abril de 2015

III.- Acta da Comisión avaliadora de data 19 de maio de 2015 de apertura de documentación incluída no sobre A con concesión de prazo para subsanación de documentación. Nesta xuntanza acordase asimesmo excluir do procedemento a El Cofre del Capitán S.L e Bores Turiel S.L por inclur dentro do sobre A as fotografías dos postos incumprindo o apartado 6º das Bases

IV.- Acta da Comisión avaliadora de data 27 de maio de 2015 de comprobación de documentación presentada no prazo de requirimento e novo requirimento de subsanación de documentación non requirida con anterioridade a dona Yanina Daniela de Armas e José Dario Loureiro.

V.- Acta da Comisión avaliadora de data 3 de xuño de 2015 de valoración e proposta de adxudicación de postos.

VI.- Providencia de data 3 de xuño á Tesourería Municipal de informe de existencia ou non de débedas tributarias das persoas propostas.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

XMCR/jlgn

Refª: 1434104194230.doc

Asunto:

VII.- Correo electrónico enviado por Jonatan Bores Ponce en nome de Bores Turiel S.L no que manifiesta a existencia dun erro na súa exclusión xa que nas Bases ( en castellano) que se lle enviaron poñía que no sobre B o único que tiña que haber é a oferta económica.

VIII.- Informe da funcionaria de Xuventude de data 4 de xuño no que informa da existencia dun erro e que a información que se lle remitiu provocou unha confusión no licitador á hora de incluír a documentación en cada sobre polo que entende se debe admitir de novo ao interesando e valorar a oferta de modo que varían os licitadores dos postos numero 7 e 8 quedando a seguinte táboa de valoración :

<b>NOME</b>	<b>PARADA</b>	<b>CANON</b>	<b>TAXAS</b>	<b>PUNTOS</b>
Yanina Daniela de Armas	1	15300	422,40	93,84
María Luisa Souto	3	13500	427,68	95,69
Héctor Pérez	4	7300	422,40	100
Rubén Otero	5	6200	422,40	100
Miguel Villalba	6	3350	39,60	90
<i>Bores Turiel S.L *</i>	7	<i>1560</i>	<i>23,76</i>	<i>90</i>
Ancora Bros Bewery S.C	8	670	27,76	90
Patricia Frade Eiras	9	890	31,68	90
Mateo Carrasco	10	700	31,68	90
Pedro Fariña	11	1760	63,36	90
Oscar Santiso	14	300	42,24	90

\*Queda pendente de comprobación se a mercantil BORES TURIEL S.L. se atopa ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo polo que a adxudicación, deste posto numero 7 realizárase unha vez comprobado o cumprimento deste requisito.

IX.- Informe de xuventude de 9 de xuño comunicando e remitindo as renuncias presentadas por dona Yanina Daniela de Armas Sasias, dona Maria Luisa Souto Lence, Héctor Pérez Ramos e Rubén Otero Torneiro en data 9 de xuño de 2015 para os postos 1, 3 , 4 e 5 respectivamente e que foran propostos como adxudicatarios pola Comisión Avaliadora . Asimesmo presentan a renuncia a eses postos os seguintes da lista de puntuación resultando que os que aceptan os postos 1,3 e 4 son os seguintes:

Posto 1: Diana Ferreiro Cerceda
Posto 3: José Carpintero González
Posto 4: Claudia Elena Pérez Sasias

Quedando pendente de comprobación se estas persoas se atopan ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo polo que a adxudicación, se é o caso, realizárase unha vez comprobado o cumprimento deste requisito.”

2.- Informe da Intervención Municipal do día 12 de xuño de 2015, referencia 248/2015, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local 11/154 de 11 de marzo de 2015, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Excluir do procedemento de licitación a dona Maria Marcos Villegas polos motivos sinalados na Acta da Comisión avaliadora de 27 de maio de 2015 , esto é, por non presentar a documentación necesaria dentro do prazo de subsanación para o que foi requirida

**SEGUNDO.-** Excluir do procedemento de licitación ás persoas abaixo relacionadas polos motivos sinalados na Acta da Comisión avaliadora de 3 de xuño 2015 , esto é:

- Jose Antonio Fernández Reguera, por non indicar o número do posto o que quería optar.
- José Manuel Pájaro Rodríguez, por non indicar o número do posto o que quería optar.
- Breogán Rodríguez, por poñer precio inferior o canon de saída.

**TERCEIRO.-** Adxudicar os postos indicados ás persoas relacionadas na táboa seguinte:

NOME	PARADA	CANON	TAXA	PUNTOS
Miguel Villalba Herrero	6	3350	39,60	90
Ancora Bros Brewery S.C	8	670	27,76	90
Patricia Frade Eiras	9	890	31,68	90
Mateo Carrasco Burrea	10	700	31,68	90
Pedro Fariña Monjero	11	1760	63,36	90
Oscar Santiso Gómez	14	300	42,24	90

**Esta adxudicación quedará condicionada á presentación á maior brevidade e en todo caso antes do inicio da Festa da seguinte documentación para o caso de que non estivera xa presentada:**

- Copia da alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Recibo do último pagamento deste imposto de actividades económicas
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil patronal e responsabilidad civil productos–alimentos subministrados que xere a súa actividade debendo cubrir os riscos por intoxicaciojn alimentaria ou por incumprimento de normativa hixiénico

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refª: 1434104194230.doc

Asunto:

sanitaria cunha cobertura mínima de 500.000 euros por sinistro sendo o sublímite por vítima de 150.000 euros.

- Copia do recibo de pagamento do dito seguro de responsabilidade civil

O Concello de Lugo comprobará de oficio que os licitadores propostos se atopan ao corrente coas obrigas tributarias co propio Concello de Lugo quedando condicionada esta adxudicación ao cumprimento deste requisito.

O **importe da taxa** deberá ingresarse nos lugares e prazos establecidos na Carta de Pagamento que se adxunte a esta resolución.

O **canon ofertado (prezo)** ingresarase nalgunha das seguintes contas bancarias ( ABANCA ES59 2080 0101 563110000947; BBVA ES02 01 8262 1956 0200270328; CAIXABANK ES 08 2100 5850 070200014045) con indicación do nome do adxudicatario, DNI e concepto " CANON Restaurante e postos de comida Arde Lucus 2015"

**De non aboarse os importes indicados nos prazos establecidos quedará extinguida e sen efecto a autorización e a parcela quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido para postos vacantes.**

**QUINTO.-** Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa ás partes interesadas e dependencias municipais afectadas, con indicación que contra a mesma caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

Cúmprase.